orz4mentos
2010

# SOCIEDADES MERCANTÍS

XUNTA DE GALICIA

# SOCIEDADES MERCANTÍS

# Índice

Memoria de Sociedades Mercantís 5

## SOCIEDADES MERCANTÍS

*Presidencia da Xunta de Galicia*

Redes de Telecomunicación Galegas, RETEGAL, S.A. 13

*Consellería de Facenda*

Autoestrada Alto de Santo Domingo-Ourense, S.A. 41

Sociedade Pública de Investimentos de Galicia 63

*Consellería de Medio Ambientes, Territorio e Infraestruturas*

Sociedade Galega do Medioambiente, SOGAMA, S.A. 89

Xestur Coruña, S.A. 109

Xestur Lugo, S.A. 125

Xestur Ourense, S.A. 141

Xestur Pontevedra, S.A. 159

*Consellería de Economía e Industria*

Centro Europeo de Empresas e Innovación de Galicia, S.A. 175

Sodiga Galicia, S.C.R., S.A. 201

Xes Galicia S.G.E.C.R., S.A. 217

Galicia Calidade, S.A. 231

Sociedade Anónima de Xestión do Centro de Supercomputación de Galicia 245

*Consellería de Sanidade*

Galaria Empresa Pública de Servizos Sanitarios, S.A. 261

*Consellería de Cultura e Turismo*

Sociedade de Imaxe e Promoción Turística de Galicia 285

Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo 305

*Consellería do Medio Rural*

Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A. 317

Sociedade Anónima Xestora Bantegal 333

Sociedade Anónima para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia 351

Xenética Fontao, S.A. 369

A Orde de 23 de xuño de 2009, pola que se ditan instrucións para a elaboración dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2010, establece no seu artigo 4.4 que os orzamentos de explotación e capital, e demais estados financeiros das sociedades públicas e demais entes recollidos no artigo 3º da mesma non suxeitos a orzamento limitativo estrutúranse de acordo coas súas normas específicas e, en particular, as recollidas no capítulo V do Texto Refundido da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia (TRLRFO en diante) que lles son de aplicación.

Posteriormente a Resolución de 24 de xullo da Dirección xeral de orzamentos establece os novos formatos da documentación a remitir polas sociedades públicas autonómicas, as fundacións e os Consorcios do sector público autonómico.

As Sociedades Mercantís públicas do artigo 12 do TRLRFOG, aplicarán os modelos que establece o Plan Xeral de Contabilidade, aprobado polo RD 1514/2007 do 16 de novembro.

Preséntanse inicialmente os orzamentos de explotación e capital agregados das sociedades mercantís do sector público autonómico seguido dos orzamentos individuais.

# ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2010
# ORZAMENTO DE EXPLOTACIÓN
# SOCIEDADES 412 E 499

| | | (En miles de euros sen decimais) |
|---|---|---|
| **Plan Xeral de Contabilidade RD 1514/2007** | **CONTA DE PERDAS E GANANCIAS.** | **ORZAMENTO 2010** |
| | **A) OPERACIONS CONTINUADAS** | |
| | 1. Importe neto da cifra de negocios | 21.311 |
| 700, 701, 702, 703, (708) | a) Vendas | 20.553 |
| 705 | b) Prestacións de servizos | 758 |
| (6930), 71, 7930 | 2.Variación de existencias de ptos terminados e en curso de fabricac. | 5.285 |
| 73 | 3. Traballos realizados pola empresa para o seu activo. | |
| | 4. Aprovisionamentos | -46.179 |
| (600), 6060, 6080, 6090, 610 | Consumo de mercaderías | -34.585 |
| (601), (602), 6061, 6062, 6081, 6082, 6091, 611, 612 | Consumo de materias primas e outras materias consumibles | -5.250 |
| (607) | Traballos realizados por outras empresas | -6.344 |
| (6931), (6932), (6933), 7931, 7932, 7933 | Deterioro de mercaderías, materias primas e outros aprovisionamentos | |
| | 5. Outros ingresos de explotación | 3.188 |
| 75 | Ingresos accesorios e outros de xestión corrente | 3.188 |
| 740, 747 | Subvencións de explotación incorporadas ó resultado exercicio | |
| | 6. Gastos de persoal | -59.016 |
| (640), (641), (6450) | Soldos, salarios e asimilados | -45.094 |
| (642), (643), (649) | Cargas sociais | -13.922 |
| (644), (6457), 7950, 7957 | Provisións | |
| | 7, Outros gastos de explotación | -22.678 |
| (62) | Servicios exteriores | -21.165 |
| (631), (634), 636, 639 | Tributos | -463 |
| (650), (694), (695), 794, 7954 | Perdas, deterioros e variacións de provisións por operacións comerciais | |
| (651), (659) | Outros gastos de xestión corrente | -1.050 |
| (68) | 8. Amortización do inmobilizado | -4.148 |
| 746 | 9. Imputación de subvencións do inmobilizado non financeiro e outras. | 1.540 |
| 7951, 7952, 7955, 7956 | 10. Excesos de provisións | |
| | 11. Deterioro e resultado por alleamentos de inmobilizado. | |
| (690), (691), (692), 790, 791, 792 | a) Deterioros e perdas | |
| (670), (671), (672), 770, 771, 772 | b) Resultado por alleamentos e outras | |
| | A.1) RESULTADO DE EXPLOTACIÓN (1+2+3+4+5+6+7+8+9+10+11) | -100.697 |
| | 12. Ingresos financeiros | 216 |
| | a) De participación en instrumenos do patrimonio | |
| 7600, 7601 | En empresas do grupo e asociadas | |
| 7602, 7603 | En terceiros | |
| | b) De valores negociables e outros instrumentos financeiros | 216 |
| 7610, 7611, 76200, 76201, 76210, 76211 | De empresas do grupo e asociados | |

# ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2010

## ORZAMENTO DE EXPLOTACIÓN

## SOCIEDADES 412 E 499

| | | (En miles de euros sen decimais) |
|---|---|---|
| **Plan Xeral de Contabilidade RD 1514/2007** | **CONTA DE PERDAS E GANANCIAS.** | **ORZAMENTO 2010** |
| 7612, 7613, 76202, 76203, 76212, 76213, 767, 769 | De terceiros | 216 |
| | 13. Gastos financeiros | -1.224 |
| (6610), (6611), (6615), (6616), (6620), (6621), (6640), (6641), (6650), (6651), (6654), (6655) | a) Por débedas con empresas do grupo | |
| (6612), (6613), (6617), (6618), (6622), (6623), (6624), (6642), (6643), (6653), (6656), (6657), (669) | b) Por débedas con terceiros. | -1.024 |
| (660) | c) Por actualización de provisións | -200 |
| | 14. Variación de valor razonable en instrumentos financeiros. | |
| (6633), 7630, 7631, 7633 | a) Carteira de negociación e outros | |
| (6632), 7632 | b) Imputación ó resultado do exercicio por activos financeiros disponibles para a venta | |
| (668), 768 | 15. Diferencias de cambio | -125 |
| | 16. Deterioro e resultado por alleamento de instrumentos financeiros | |
| (696), (697), (698), (699), 796, 797, 798, 799 | a) Deterioro e perdas | |
| (666), (667), (673), (675), 766, 773, 775 | b) Resultado por alleamentos e outras | |
| | A.2) RESULTADO FINANCEIRO (12+13+14+15+16) | -1.133 |
| | A.3) RESULTADO ANTES DE IMPOSTOS (A.1+A.2) | -101.830 |
| 6301, (633), 638 | 17. Imposto sobre beneficios | |
| | A.4) RESULTADO DO EXERCICIO PROCEDENTE DE OPERACIÓNS CONTINUADAS (A.3+17) | -101.830 |
| | **B) OPERACIÓNS INTERRUMPIDAS** | |
| | 18. Resultado do exercicio procedente de operacións interrumpidas neto de impostos. | |
| | A.5) RESULTADO DO EXERCICIO (A.4+18) | -101.830 |

# ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2010
# ORZAMENTO DE CAPITAL
# SOCIEDADES 412 E 499

| CADRO DE FINANCIAMENTO | (En miles de euros sen decimais)<br>ORZAMENTO 2010 |
|---|---|
| 1. Recursos aplicados nas operacións | 125.224 |
| a. reducción de existencias de produtos terminados e en curso | |
| b. aprovisionamentos | 46.179 |
| c. servizos exteriores | 19.944 |
| d. tributos | 463 |
| e. gastos de persoal | 56.284 |
| f. prestacións sociais | |
| g. transferencias e subvencións | |
| h. gastos financieiros | 1.208 |
| i. outras perdas de xestión correntes e gastos excepcionais | 1.146 |
| 2. Pagos pendentes de aplicación | |
| 3.Activos non correntes mantidos para a venta | |
| 4.Adquisicións de inmobilizado: | 111.800 |
| a. Inmovilizacións intanxibles | 2.205 |
| b. Inmobilizacións materiais | 109.595 |
| c. Investimentos inmobiliarios | |
| d. Investimentos financeiros | |
| 5. Diminucións directas de patrimonio | 84.223 |
| a. En adscrición | |
| b. En cesión | |
| c. Entregado ao uso xeral | 84.223 |
| 6. Cancelación ou traspaso a CP de débedas a LP | 3.636 |
| a. Empréstitos e pasivos análogos | |
| b. Por préstamos recibidos | |
| c. Outros conceptos | 3.636 |
| 7. Deterioro de valor | |
| TOTAL APLICACIÓNS | 324.883 |
| 1. Recursos procedentes das operacións | 131.372 |
| a. Vendas | 20.553 |
| b. Aumento de existencias de produtos terminados e en curso | 5.285 |
| c. Taxas, prezos públicos e contribucións especiais | |
| d. Transferencias e subvencións correntes | 105.468 |
| i. Do Estado | |
| ii. Da comunidade Autónoma | 105.468 |
| iii. Da UE | |
| e. Ingresos financeiros | |
| f. Outros ingresos de xestión corrente e ingresos excepcionais | 191 |
| g. Reversión deterioro de activos circulantes | -125 |
| 2. Cobros pendentes de aplicación | |
| 3. Incrementos directos de patrimonio | 10.287 |
| i. Do Estado | |
| ii. Da comunidade Autónoma | 10.287 |
| iii. Da UE | |
| 4. Transferencias e subvencións de capital | 106.701 |

## ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2010
## ORZAMENTO DE CAPITAL
## SOCIEDADES 412 E 499

| | (En miles de euros sen decimais) |
|---|---|
| **CADRO DE FINANCIAMENTO** | **ORZAMENTO 2010** |
| i. Do Estado | |
| ii. Da comunidade Autónoma | 106.701 |
| iii. Da UE | |
| 5. Débedas a longo prazo | |
| a. Empréstitos e outros pasivos análogos | |
| b. Préstamos recibidos | |
| c. Outros conceptos | |
| 6. Alleamento de inmobilizado | 84.223 |
| a. Inmobilizacións intanxibles | |
| b. Inmobilizacións materiais | 84.223 |
| c. Investimentos inmobiliarios | |
| 7. Cancelación ou traspaso a CP de investimentos financeiros | |
| TOTAL ORIXES | 332.582 |
| Aumento/Diminución de Capital Circulante | 7.700 |

# SOCIEDADES MERCANTÍS

PRESIDENCIA DA XUNTA

# REDES DE TELECOMUNICACIÓN GALEGAS, S.A.

# 1 Formulación estratéxica 2010-2012

A formulación estratéxica de RETEGAL para o vindeiro período baséase en dous piares fundamentais, un de carácter interno e outro marcado polo contexto. Nomeadamente, en primeiro termo atopamos a misión da empresa, que ven determinada fundamentalmente polos seus estatutos sociais, que recollen o obxecto e os fins da súa actividade.

En segundo lugar, a contorna tecnolóxica, económica e social de Galicia, máxime nun período de crise onde os investimentos públicos cobran unha relevancia aínda máis importante do habitual, tanto polo seu impacto como pola austeridade e eficiencia que os deben guiar. Así, estes investimentos terán unha compoñente importante de achegamento da Sociedade da Información a empresas e cidadáns, o que establece fortemente os eidos cara aos que RETEGAL debe encamiñar as súas estratexias na vindeira etapa como sociedade pública.

A mestura destes dous conxuntos de factores vén a definir os que se conforman como obxectivos estratéxicos de RETEGAL para o período 2010-2012, que se formulan, xunto co desenvolvemento dos puntos anteriormente tratados, nos parágrafos que integran este primeiro epígrafe.

## 1.1 Misión de RETEGAL

Os estatutos da sociedade anónima Redes de Telecomunicación Galegas RETEGAL, S.A., definen o obxecto e os fins da súa actividade. A partir desta definición, é posible formular a misión de RETEGAL do seguinte xeito

> *Realización da xestión das infraestruturas, sistemas e servizos de telecomunicacións de Galicia e elaboración de propostas, análises e estudos relacionados coas telecomunicacións que correspondan á Xunta de Galicia.*

O mesmo artigo 2º dos estatutos sociais debulla polo miúdo as funcións a desenvolver por RETEGAL no marco da súa misión. Especificamente, e de cara a este PAIF, as seguintes son as que cobran especial relevancia para a definición dos obxectivos, tanto estratéxicos como operativos:

- No relativo á xestión de infraestruturas, sistemas e servizos de telecomunicacións:
    - O mantemento e xestión das infraestruturas e equipamentos da rede de transporte e difusión utilizadas pola Radio e Televisión de Galicia.
    - A implantación e posta en marcha de calquera tipo de redes e servizos de telecomunicacións.
    - Calquera actividade comercial ou industrial que estea directamente relacionada con estas funcións e coa explotación de redes e servizos de telecomunicacións.
- No relativo á elaboración de propostas, análises e estudos relacionados coas telecomunicacións que correspondan á Xunta de Galicia:
    - A elaboración de propostas de planificación de infraestruturas, sistemas e servizos de telecomunicacións.
    - O deseño de estratexias de futuro en relación coas telecomunicacións.
    - A análise de viabilidade de proxectos que teñan relación coas telecomunicacións.

- O asesoramento técnico na toma de decisións pola Administración Galega en materia de telecomunicacións.

Estes elementos constitúen a compoñente interna para a definición da estratexia de RETEGAL para o vindeiro período e que, en conxunto cos factores de contorna que se desenvolven de seguido, veñen a motivar a definición dos obxectivos estratéxicos para o período 2009-2011.

## 1.2 A contorna tecnolóxica, económica e social

A contorna na que terá que levar a cabo a súa actividade RETEGAL nos próximos anos vén determinada por dous ciclos. Por unha banda, o marco de lexislatura 2009-2013, no que o novo goberno da Xunta de Galicia deixou clara a súa aposta polas políticas transversais cara ao desenvolvemento da Sociedade da Información. Por outra, o período de financiamento europeo 2007-2013, no que Galicia aínda recibirá fondos para abordar importantes proxectos de investimento.

Comezando por este segundo punto, o *Programa Operativo FEDER Galicia 2007-2013* mantén como obxectivo *estender e difundir as tecnoloxías da información, as comunicacións [...], garantindo a penetración no conxunto da sociedade e a dispoñibilidade de infraestruturas.*

Baixo esta premisa de financiamento, o instrumento de planificación máis achegado ao ámbito de actividade de RETEGAL, o vixente *Plan Estratéxico Galego da Sociedade da Información 2007-2010* (PEGSI), establece como obxectivo estratéxico *vertebrar territorial e socialmente Galicia a través da creación de condicións de acceso igualitario ás oportunidades derivadas da Sociedade da Información*, definindo unha estratexia operativa de Infraestruturas para a Sociedade da Información na que se menciona expresamente o sobranceiro papel de RETEGAL.

Estes principios do PEGSI son agora reforzados polos primeiros pasos que ven dando a Xunta de Galicia neste inicio de lexislatura, baixo a premisa de que a vertebración dixital do territorio é un elemento compensador de desequilibrios culturais e socioeconómicos, ademais dun factor de dinamización económica e xerador de competitividade e innovación.

Neste sentido, desde a Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica traballase na redacción dun Plan Director de Telecomunicacións, que pretende achegar todo o potencial das telecomunicacións aos cidadáns galegos, actuando como base para o espallamento da Sociedade da Información en Galicia.

Esta absoluta prioridade de goberno galego no desenvolvemento da Sociedade da Información e, máis en concreto, no despregamento de infraestruturas no territorio é, obviamente, un ingrediente esencial na definición da estratexia de RETEGAL. Pero, nun ámbito xa máis cinguido ao que veu sendo nos últimos anos a actividade principal da sociedade, non se poden esquecer o proceso de despregamento dos servizos de difusión dixitais (televisión primeiro, xa en plena actividade e co apagamento analóxico na Fonsagrada aínda recente, e radio posteriormente) e o reordeamento do mapa audiovisual galego asociado ao mesmo. No desenvolvemento desta nova realidade, RETEGAL, como operador público dos servizos de soporte (distribución e difusión do sinal), xoga un papel chave que debe permitir situar a Galicia á cabeza da penetración e cobertura da TDT[1].

Así, o propio PEGSI establece unha liña de actuación asociada ao desenvolvemento da TDT como elemento tractor da Sociedade da Información en Galicia, incidindo no despregamento

[1] O 61,6% dos fogares galegos teñen acceso á TDT, segundo a segunda oleada de 2009 do Estudo Xeral de Medios (AIMC).

das infraestruturas e dos servizos necesarios para dar soporte aos diferentes operadores, públicos e privados, que levan a cabo a súa actividade – en diferentes ámbitos de cobertura: local, autonómico e estatal – na comunidade autónoma.

Ademais, o *Plan Técnico Nacional de la Televisión Digital Terrestre* (regulado polo Real Decreto 944/2005, de 29 de xullo), determina o horizonte de cobertura do sinal de TDT cara ao ano 2010, fixándoo nun 98% da poboación en abril de dito ano. RETEGAL deberá facer o despregamento de rede e infraestrutura necesario para garantir dito nivel de cobertura aplicado á poboación galega.

E, finalmente, non debe esquecerse a función de RETEGAL como instrumento favorecedor – e garante, no seu caso – da implantación do servizo en toda a súa extensión, complementando a iniciativa privada, o que xa se ten amosado como esencial para acadar unha ampla cobertura no medio rural.

Como é ben sabido, a primeira fase do apagamento analóxico prevista para xuño de 2009 en dúas zonas – Santiago e Ourense Leste – non foi posible levala a cabo. Desde a Xunta estase a traballar nun Plan Galego de Acendido Dixital que permita converxer coa data de abril de 2010, executando as fases II e III ata a citada data.

Hai un terceiro factor que engadir aos dous anteriores para rematar de definir o diagnóstico da situación que rodea á actividade de RETEGAL. Trátase do potencial de valor dos activos, técnicos e humanos, de RETEGAL, desde a equipa profesional até a granularidade da rede de emprazamentos espallada por todo o territorio galego, o que configura á empresa como un elemento esencial para contribuír aos propósitos xerais da política de telecomunicacións da Xunta de Galicia e, polo tanto, de desenvolvemento da Sociedade da Información no noso país. Así, RETEGAL está en condicións de participar activamente na expansión das redes e servizos de telecomunicación en igualdade de oportunidades, evitando ser en todo momento un elemento distorsionador das condicións de mercado, e favorecendo a implantación de servizos públicos e institucionais.

Os máis de cen emprazamentos operativos en toda a comunidade autónoma, as diferentes tecnoloxías operativas (radioligazóns PDH e SDH, comunicacións por fibra en contornas CWDM, distribución e difusión de sinais de TDT, infraestruturas móbiles, sistemas de monitorización centralizados...), a experiencia e coñecemento da equipa humana da entidade, a participación activa, cos axentes de investigación e empresariais galegos, en proxectos innovadores avanzados. Son todos elementos suficientes para que RETEGAL estea chamada a xogar o papel decisivo anteriormente referido.

## 1.3 Os obxectivos estratéxicos de RETEGAL para o vindeiro trienio

A partir dos condicionantes descritos nos dous epígrafes precedentes, é posible formular os obxectivos estratéxicos de RETEGAL para o período 2010-2012 do seguinte xeito:

| Código | Obxectivo estratéxico | Criterio de orzamentación |
|---|---|---|
| A | Dar respaldo ao despregamento de infraestruturas necesarias para garantir a prestación dos servizos de difusión dixital, especificamente a TDT, conforme aos compromisos de cobertura e calidade esixibles, no marco do Plan Galego de Acendido Dixital | a) Impulso da competitividade mediante investimentos en I+D+i, TIC e modernización equilibrada dos sectores produtivos de Galicia |
| B | Constituírse en instrumento de apoio para o desenvolvemento de políticas transversais da Xunta de Galicia en relación coa Sociedade da Información, e máis especificamente no desenvolvemento do Plan Director de Telecomunicacións | a) Impulso da competitividade mediante investimentos en I+D+i, TIC e modernización equilibrada dos sectores produtivos de Galicia |
| C | Participar activamente na acción innovadora dos axentes públicos e privados de Galicia no eido das telecomunicacións | a) Impulso da competitividade mediante investimentos en I+D+i, TIC e modernización equilibrada dos sectores produtivos de Galicia |

De seguido descríbese en detalle cada un dos tres obxectivos estratéxicos.

### A. Infraestruturas e servizos difusión dixital

O obxectivo estratéxico "*dar respaldo ao despregamento de infraestruturas necesarias para garantir a prestación dos servizos de difusión dixital, especificamente a TDT, conforme aos compromisos de cobertura e calidade esixibles, no marco do Plan Galego de Acendido Dixital*" vén a dar cumprimento á misión de RETEGAL relativa á xestión das infraestruturas e equipamentos da rede de transporte e difusión utilizadas pola Radio e Televisión de Galicia. É máis, estende esta función ao conxunto de operadores públicos e privados que dispoñen de concesión para a prestación do servizo de TDT nalgún dos ámbitos xeográficos definidos para o mesmo na comunidade autónoma.

Supón, así mesmo, a resposta á prioridade da Xunta de Galicia, formulada no PEGSI, de *potenciar as infraestruturas de radio e televisión dixitais*, como alicerce para o despregamento da TDT. É esta considerada como unha oportunidade chave para o progreso da Sociedade da Información en Galicia e, nomeadamente, para o desenvolvemento económico do sector de produción de contidos audiovisuais e multimedia, sector emerxente que amosa un dos maiores índices de crecemento en Galicia.

Os reais decretos 944/2005 e 920/2006 determinan os niveis de cobertura do sinal –98% da poboación a 3 de abril de 2010 – mínimos esixibles para as emisións de TDT. Ditos niveis de cobertura están referidos á poboación total do Estado, o que, dado o escaso peso de Galicia no total de habitantes de España – aproximadamente un 6% –, supón un risco de niveis efectivos de cobertura no noso país claramente por baixo dos citados mínimos.

Nesta situación, RETEGAL asume como obxectivo propio dar cumprimento aos citados índices de cobertura tomando como referencia o total da poboación galega, polo tanto, aumentando nunha medida significativa a extensión do servizo.

Deste xeito, ademais, RETEGAL prepárase para contribuír aos obxectivos do Plan Galego de Acendido Dixital, que se está a reforzar de cara ao cumprimento do obxectivo de acendido total en abril de 2010, logo do incumprimento, en xuño de 2009, do previsto nos proxectos de transición do Ministerio de Industria, Comercio y Turismo para as áreas de Ourense Leste e Santiago.

Así, completar a fase I do apagamento e levar a cabo en prazo as fases II e III, para as que se prepara convenio co Ministerio de Industria, Comercio y Turismo, pasan a ser obxectivos esenciais de RETEGAL para 2010.

En suma, con este esforzo inversor para o despregamento de infraestruturas, RETEGAL pretende converterse nun axente chave no novo ordeamento audiovisual de Galicia. Efectivamente, ao abeiro do outorgamento de concesións públicas e privadas para a explotación do servizo de TDT de ámbitos local (21 demarcacións locais) e autonómico (dous concesionarios privados, a engadir á CRTVG), un novo tecido empresarial está agromando, co impacto social, profesional e económico que isto supón. Nesta contorna, RETEGAL afrontará un dobre obxectivo:

- Complementar a oferta privada de servizos de distribución e difusión do sinal da TDT.
- Garantir, en tanto sociedade pública, a máxima cobertura do sinal de TDT, para que o achegamento deste servizo público sexa unha realidade que non se limite a meros criterios empresariais, senón a dar resposta á evidente demanda social existente.

Efectivamente, nunha contorna de competencia imperfecta, como é a dos servizos portadores da TDT, a existencia dun axente público con capacidade técnica axeitada é o modo de asegurar que tanto os operadores audiovisuais como os cidadáns disporán dos servizos requiridos para a extensión da TDT; no caso dos operadores, nunhas condicións económicas equilibradas. Isto deberá producirse sempre baixo a premisa de que a actuación do operador público non supoña unha distorsión das condicións de competencia efectiva que rexen nun mercado liberalizado senón, antes ao contrario, unha acción dinamizadora de dita competencia.

## B. Instrumento para políticas de Sociedade da Información

A propia misión de RETEGAL, que supón que a empresa ten que xogar un papel activo na concepción de estratexias de futuro en relación coas telecomunicacións en Galicia e co desenvolvemento de redes e servizos avanzados ao abeiro destas, atópase como base deste obxectivo estratéxico formulado como *"constituírse en instrumento de apoio para o desenvolvemento de políticas transversais da Xunta de Galicia en relación coa Sociedade da Información, e máis especificamente no desenvolvemento do Plan Director de Telecomunicacións"*.

Así pois, RETEGAL fai seu o convencemento da Xunta de Galicia de que as políticas de impulso ás novas tecnoloxías e ao desenvolvemento da Sociedade da Información deben xogar un papel crucial no conxunto das políticas públicas.

Esta vontade vese respaldada pola cobertura outorgada outorgada nos programas operativos para o período de financiamento 2007-2013 á extensión das infraestruturas da Sociedade da Información e ao acceso dos cidadáns e as empresas ás TIC de xeito equilibrado en todo o territorio galego. O Programa Operativo FEDER Galicia 2007-2013 define unha liña de actuación encamiñada á *"extensión das infraestruturas da Sociedade da Información, [...], xunto co fomento do acceso dos cidadáns, as empresas e a administración rexional ás tecnoloxías da información e a comunicación"*.

Máis especificamente, o PEGSI recolle e asume como políticas necesarias por parte da Xunta de Galicia as directrices europeas para a extensión da accesibilidade universal á banda larga, moi especialmente no medio rural, tales como a Declaración de Riga sobre a e-inclusión ou a derivada do informe "Pechando a fenda da banda larga" da Comisión Europea[2]. Isto implica comprometer o obxectivo de cobertura da banda larga para o 90% da poboación no ano 2010, o que se reforza coa meta adicional de conectividade para tódolos núcleos de poboación con más de 500 vivendas en 2009.

Baixo a premisa de que garantir a sustentabilidade a longo prazo das contornas rurais pasa por unha aproximación estratéxica dedicada ao desenvolvemento da Sociedade da Información nestas áreas rurais, a Xunta de Galicia dará agora cumprimento ao obxectivo establecido no PEGSI de dotarse dos instrumentos de planificación e xestión da súa política global de telecomunicacións, a través do Plan Director de Telecomunicacións.

Este Plan servirá para impulsar unha estratexia global encamiñada a situar a Galicia no núcleo avanzado da Sociedade da Información. Reforzará e desenvolverá, así mesmo, a presenza pública nos ámbitos dos servizos de telecomunicación nos que xa está presente E definirá os medios para darlle continuidade á acción concertada público-privada no despregamento de infraestruturas e servizos da Sociedade da Información, especificamente no tocante á banda larga e ao medio rural.

Neste contexto, RETEGAL define como obxectivo estratéxico reforzar o seu papel como sociedade pública para optimizar a súa contribución aos propósitos xerais da política de telecomunicacións da Xunta de Galicia e, polo tanto, de desenvolvemento da Sociedade da Información no noso país.

## C. Axente de innovación en telecomunicacións

A Xunta de Galicia define como criterio prioritario para elaboración dos orzamentos de 2010 aqueles plans, programas e actuacións orientados ao *"impulso da competitividade mediante investimentos en I+D+i, TIC e modernización equilibrada dos sectores produtivos de Galicia"*. Este feito proba a clara aposta pola innovación impulsada desde a Xunta de Galicia – e artellada por medio do Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica (PGIDIT) 2006-2010 –, aposta que se redobra cando se trata de innovación en tecnoloxías da información e das comunicacións.

A este contexto engádeselle o activo papel de RETEGAL na innovación TIC nos últimos anos, faceta que se quere manter, e aínda reforzar, formulando como obxectivo estratéxico da entidade para o próximo trienio *"participar activamente na acción innovadora dos axentes públicos e privados de Galicia no eido das telecomunicacións"*.

Así, a continuidade na participación en proxectos como os pilotos avanzados en televisión dixital ou o lanzamento do picosatélite galego – proxecto DIESTE – forman parte das prioridades estratéxicas de RETEGAL, como xeito de tirar proveito da experiencia e capacidade dos seus profesionais e de poñer en valor os seus activos tecnolóxicos.

Do mesmo xeito, RETEGAL explorará a súa capacidade de formar parte de consorcios ou partenariados público-privados, como instrumento para crear unha masa crítica innovadora en

[2] Communication from the Commission to the Council, the European Parliament, the European Economic and Social Committee and the Committee of the Regions - Bridging the Broadband Gap {SEC(2006) 354} {SEC(2006) 355}. COM/2006/0129 final. Marzo de 2006.

cooperación con outros axentes do sector TIC galego e para favorecer a captación de orzamentos externos destinados a proxectos tecnolóxicos innovadores.

# 2 Formulación operativa 2010

A formulación operativa para 2010 é o resultado de concretar os obxectivos estratéxicos para o trienio 2010-2012 en metas operativas e actuacións que se desenvolverán e, polo tanto, deberán ser previstas nos orzamentos do devandito exercicio 2010.

Seguidamente desenvólvense, en catro seccións, os obxectivos operativos correspondentes aos tres obxectivos estratéxicos de RETEGAL definidos no capítulo anterior, ademais dun cuarto grupo que recolle outros propósitos non directamente incluídos nos anteriores.

## 2.1 Obxectivos operativos: A. Infraestruturas e servizos de difusión dixital

O obxectivo estratéxico A. Infraestruturas e servizos de difusión dixital foi formulado do seguinte xeito: *"dar respaldo ao despregamento de infraestruturas necesarias para garantir a prestación dos servizos de difusión dixital, especificamente a TDT, conforme aos compromisos de cobertura e calidade esixibles, no marco do Plan Galego de Acendido Dixital"*.

Dita estratexia descomponse, para o exercicio 2010, en tres obxectivos operativos, que se enuncian seguidamente e se desenvolven nos vindeiros parágrafos:

- AA. Desenvolvemento do servizo soporte á difusión do sinal da TDT de ámbito autonómico
- AB. Desenvolvemento do servizo soporte á difusión do sinal da TDT de ámbito local
- AC. Desenvolvemento do servizo soporte á difusión do sinal da TDT de ámbito estatal

### AA. Desenvolvemento do servizo soporte á difusión do sinal da TDT de ámbito autonómico

| Concreción do obxectivo |
|---|
| Cobertura a 03.04.2010: 98% |

O Real Decreto 944/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Plan Técnico Nacional da Televisión Dixital Terrestre, Real Decreto que deroga na súa totalidade o anterior Plan Técnico (Real Decreto 2169/1998, de 9 de outubro), establece, na súa disposición adicional segunda, que cada unha das entidades públicas creadas a tenor do establecido na Lei 46/1983, de 26 de decembro, reguladora da terceira canle de televisión, deberán simultanear as súas emisións con tecnoloxía analóxica e con tecnoloxía dixital. Loxicamente, entre estas entidades atópase a CRTVG.

O mesmo Real Decreto, no seu artigo 6º, establece os niveis de cobertura esixibles aos operadores públicos autonómicos:

1.º ) 80% da poboación antes do 31 de decembro de 2005.

2.º ) 90% da poboación antes do 31 de decembro de 2008.

3.º ) 98% da poboación antes do 3 de abril de 2010.

A CRTVG comparte a canle múltiple coas dúas entidades concesionarias das licencias para a emisión de cadanseus programas de TDT de ámbito autonómico: Voz Televisión e Popular Televisión. Esta circunstancia técnica motiva que as obrigas de cobertura deban ser compartidas entre as tres entidades, aínda que xuridicamente o nivel de esixencia sexa inferior para as concesionarias privadas.

Con posterioridade, o Real Decreto 920/2006, de 28 de xullo, engade condicións de cobertura adicionais, de xeito que sexa posible adiantar, en determinadas áreas, a data de peche definitivo das emisións en analóxico. Deste xeito, as obrigas de cobertura – en termos de porcentaxe da poboación – quedan establecidas coa seguinte estrutura temporal:

| **Cobertura** | 80% | 85% | 88% | 90% | 93% | 98% |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **Data** | 12/2005 | 07/2007 | 07/2008 | 12/2008 | 07/2009 | 04/2010 |

Como xa se indicou anteriormente, a Xunta traballa nun Plan Galego de Acendido Dixital para dar cumprimento aos prazos estipulados desde o Ministerio, comezando por recuperar o terreo perdido en dúas das seis áreas técnicas nas que está dividida a comunidade autónoma no relativo a cobertura do sinal de TDT: Santiago e Ourense Leste (60 concellos e máis de 400.000 habitantes), que tiña como data prevista de apagamento xuño de 2009.

Nesta contorna, é obxectivo fundamental de RETEGAL para o ano 2010 é dar cumprimento ás metas que se establezan no devandito Plan de Acendido Dixital, incrementando as porcentaxes de cobertura de difusión do sinal da CRTVG en TDT e consolidando os actuais niveis de calidade e dispoñibilidade na prestación do servizo, tanto para a televisión como para a radio autonómica.

Por outra banda, como xa quedou dito, á canle múltiple autonómica que ocupa a CRTVG incorporaranse, previsiblemente ao longo do ano 2010, as dúas novas concesións de programas de ámbito autonómico outorgadas pola Xunta de Galicia. Esta circunstancia determina o incremento do peso específico de RETEGAL no panorama audiovisual galego e, consecuentemente, a súa responsabilidade na dispoñibilidade dos servizos de soporte á distribución e difusión do sinal de TDT.

Por este motivo, RETEGAL debe dar continuidade ao plan, xa iniciado noutros exercicios, de mellora de infraestruturas e equipamento, co fin de garantir a dispoñibilidade e calidade de servizo requirida polo seus clientes.

Cómpre salientar, pola novidade que introduce, que a perspectiva cuasi universal do servizo público de difusión do sinal da televisión autonómica obriga á consideración dunha solución técnica satelital para achegar o referido sinal a determinadas zonas caracterizadas pola súa dispersión e baixa densidade poboacional.

Actividades previstas para 2010:

- **001AA. Despregamento para nivel de cobertura 98%**

## AB. Desenvolvemento do servizo soporte á difusión do sinal da TDT de ámbito local

| Concreción do obxectivo |
|---|
| Cobertura a 31.12.2010: **86%** |

No Diario Oficial de Galicia de 16 de agosto de 2006 publicouse a resolución mediante a cal se adxudicaban as concesións para a xestión indirecta do servizo público de televisión dixital de ámbito local en 21 demarcacións da comunidade autónoma galega. Desde ese intre, os concesionarios daban os pasos necesarios para iniciar as súas emisións, ás que se unirán máis adiante os programas explotados polas corporacións municipais.

Con motivo deste proceso, en 2005 RETEGAL emitía unha oferta pública para o servizo portador do sinal de TDT de ámbito local, na que determinaba as condicións técnicas e económicas do servizo que se tiña planificado prestar. Dita oferta, baseada nos requirimentos de cobertura estipulados pola Xunta de Galicia para os concesionarios, establece dúas fases de despregamento de cobertura, cun 85% e un 95% respectivamente de cobertura poboacional.

Segundo as previsións actuais, ao longo do presente ano 2009 tense previsto a entrada en funcionamento do múltiple correspondente á demarcación de Vigo, que se unirá ás demarcacións de Santiago de Compostela e Ribeira, que xa están a emitir as súas programacións. Ao mesmo tempo, a previsión razoable é a entrada en funcionamento, ao longo do ano 2010, das restantes canles múltiples correspondentes ás demarcacións territoriais que non inicien as súas emisións perante o ano 2009.

En consecuencia, RETEGAL márcase como obxectivo para 2010 o despregamento da rede de distribución e difusión dos sinais de TDT de ámbito local, con base nos compromisos de cobertura definidos nas ofertas presentadas polos adxudicatarios na licitación anta la Xunta de Galicia.

Actividades previstas para 2010:

- 001AB. Implantación de cabeceiras dixitais nas demarcacións de Carballo, A Coruña, Ferrol, Vimianzo, As Pontes, Chantada, Lugo, Monforte de Lemos, Vilalba, Viveiro, O Barco,O Carballiño, Ourense, Verín, Lalín, Ponteares, Pontevedra, Vigo e Vilagarcía de Aurosa
- 002AB. Despregamento de ligazóns troncais
- 003AB. Despregamento de rede de difusión ata alcanzar o despregamento do 96%

## AC. Desenvolvemento do servizo soporte á difusión do sinal da TDT de ámbito estatal

| Concreción do obxectivo |
|---|
| Cobertura a 03.04.2010 para RTVE: 98% |
| Cobertura a 03.04.2010 para privadas: 96% |

Como xa se adiantara anteriormente, os compromisos de cobertura poboacional para as canles de ámbito estatal son definidas sobre a poboación total do Estado. Respondendo ao seu propósito de complementar a oferta privada de servizos portadores da TDT e de garantir a máxima cobertura do sinal, RETEGAL participa activamente na ampliación da cobertura das emisións de RTVE e das cadeas privadas estatais.

Así, o obxectivo operativo de RETEGAL en relación coa cobertura poboacional dos operadores estatais é ampliala ata o ano 2010 de xeito que se acade o 98% para RTVE e o 96% para as canles privadas.

No caso do ente público, durante o ano en curso, está prevista a continuación da prestación do servizo de transporte e difusión do sinal da canle múltiple de TVE, na que RETEGAL, sen renunciar aos seus obxectivos como empresa pública, colaborará a través do acordo subscrito con Abertis Telecom, S.A. no achegamento dos sinais da referida canle múltiple aos cidadáns da comunidade autónoma, coa finalidade de aplicar, no seu territorio e poboación, os ratios esixidos para a súa aplicación a nivel estatal. As previsións para 2010 son as de traballar para acadar unha cobertura do 98% da poboación.

Do mesmo xeito, RETEGAL planificou efectuar a extensión de cobertura dos múltiples privados estatais por enriba das súas actuais previsións de cobertura na comunidade autónoma.

Actividades previstas para 2010:

- 001AC. Despregamento de rede para a difusión do sinal de TDT de ámbito estatal

## 2.2 Obxectivos operativos: B. Instrumento para políticas de Sociedade da Información

O obxectivo estratéxico B. Instrumentos para políticas da Sociedade da Información foi formulado do seguinte xeito: *"constituírse en instrumento de apoio para o desenvolvemento de políticas transversais da Xunta de Galicia en relación coa Sociedade da Información, e máis especificamente no desenvolvemento do Plan Director de Telecomunicacións"*.

Dita estratexia descomponse, para o exercicio 2010, en dous obxectivos operativos, que se enuncian seguidamente e se desenvolven nos vindeiros parágrafos:

- BA. Rede de comunicacións de emerxencias
- BB. Despregamento de infraestruturas de banda larga no rural, no marco do Plan Director de Telecomunicacións

### BA. Rede de comunicacións de emerxencias

| Concreción do obxectivo |
|---|
| Participación na análise de viabilidade de despregamento da rede |

A Xunta de Galicia dispón na actualidade dunha rede de comunicacións móbiles en grupo pechado de usuarios baseada nunha tecnoloxía de natureza analóxica. Esta rede presta servizo

a numerosos organismos públicos, tanto dependentes da propia Xunta como das administracións locais.

A Xunta de Galicia prevé o despregamento dunha rede privada de tecnoloxía dixital de última xeración que permita cubrir as necesidades de comunicacións móbiles das administracións públicas galegas, con especial foco nas que teñan que ver coas emerxencias. En consecuencia, preténdese despregar unha rede de comunicacións avanzada e de máxima cobertura, que forneza de capacidades de voz e datos aos diferentes servizos que desenvolven a súa actuación sobre o terreo; que cubra as necesidades de comunicación institucionais de tódolos departamentos implicados durante, como mínimo, os próximos quince anos; que teña dispoñibilidade total en caso de emerxencias, incluíndo a posibilidade de integrar outros colectivos en redes virtuais (bombeiros, policías locais, autoestradas...) ou de definir operativos multidisciplinares.

RETEGAL ten por obxectivo implicarse, previo acordo dos órganos competentes, no proxecto de despregamento desta rede, xa desde o intre de análise da viabilidade da mesma até os posteriores deseño, despregamento e operación.

Actividades previstas para 2010:

- 001BA. Análise da viabilidade técnico-económica do despregamento dunha rede de comunicacións de emerxencias en tecnoloxía TETRA

## BB. Despregamento de infraestruturas de banda larga no rural, no marco do Plan Director de Telecomunicacións

| Concreción do obxectivo |
|---|
| Desenvolvemento de tres accións piloto de banda larga no medio rural |

Obviamente é a iniciativa privada, a dos operadores de telecomunicacións, a que debe liderar o despregamento da oferta de servizos. Pero nun país como Galicia, cunha orografía e cunha dispersión poboacional que supoñen importantísimas barreiras para a rendibilidade dos investimentos privados neste eido, o concepto de acción pública que complemente á privada tórnase esencial.

É por isto que RETEGAL debe actuar como axente de complementariedade da oferta aló onde non chegan os axentes privados, así como de axente dinamizador da competencia, sen distorsionala, naqueles campos onde aínda hai percorrido para mellorar dita situación de competencia. RETEGAL deberá, ademais, configurar a súa participación na acción concertada público-privada no despregamento de infraestruturas e servizos da Sociedade da Información, especificamente no tocante á banda larga e ao medio rural, segundo se recolle no obxectivo estratéxico B.

O novo Plan Director de Telecomunicacións que está a elaborar a Xunta de Galicia determinará os modelos de cooperación máis axeitados para acadar os obxectivos de despregamento e prestación de servizo que se establezan. Neste marco será no que desenvolva a súa actividade RETEGAL.

Por tanto, operativamente, a consecución destas metas supón o desenvolvemento dun conxunto de actividades orientadas á explotación dos seus activos – a súa capacidade de rede troncal por fibra óptica e radioligazóns, as localizacións acondicionadas de que dispón por todo o país, as infraestruturas civís asociadas a estas, o capital humano e o saber facer empresarial que veu desenvolvendo nos últimos anos –, que amosan un potencial moi significativo.

A posta en valor destes activos dos que dispón a empresa pública RETEGAL forma parte deste obxectivo operativo, aproveitándoos como oportunidade de vertebración do territorio a través do despregamento de novas redes e servizos e como factor de diminución das barreiras de acceso dos operadores de telecomunicacións nas zonas rurais.

Actividades previstas para 2010:

- 001BB. Implantación de equipamento MPLS
- 002BB. Proxectos piloto de despregamento da banda larga mediante tecnoloxías sen fíos no medio rural
- 003BB. Análise de viabilidade da acción concertada público-privada no despregamento de infraestruturas no medio rural

## 2.3 Obxectivos operativos: C. Axente de innovación en telecomunicacións

O obxectivo estratéxico C. Axente de innovación en telecomunicacións foi formulado do seguinte xeito: *"participar activamente na acción innovadora dos axentes públicos e privados de Galicia no eido das telecomunicacións"*.

Dita estratexia prevé, para o exercicio 2010, un único obxectivo operativo, que se enuncia seguidamente e se desenvolve nos vindeiros parágrafos:

- CA. Participación en proxectos innovadores

### CA. Participación en proxectos innovadores

| Concreción do obxectivo |
|---|
| Continuidade na participación nos proxectos pilotos en curso no 2008 |

RETEGAL ten por obxectivo para 2010 dar continuidade á súa participación nos proxectos innovadores xa en curso ao longo de 2008 e 2009, así como elaborar novas propostas – de xeito individual ou en cooperación con outros axentes, públicos ou privados – para o lanzamento de novas actividades neste eido.

Se ben calquera actuación relativa a infraestruturas e servizos de telecomunicación avanzados será obxecto desta liña de actividade, primaranse aquelas directamente vinculadas aos servizos de difusión dixitais e, máis concretamente, á TDT. Deste xeito, a continuidade dos proxectos de desenvolvemento de servizos avanzados sobre o estándar MHP, televisión de alta definición e de pilotaxe da televisión dixital en mobilidade son dous bos exemplos da

tipoloxía de actuacións que pretende levar a cabo RETEGAL no ámbito da innovación en materia de telecomunicacións.

Actividades previstas para 2010:

- 001CA. Proxectos avanzados de interactividade sobre MHP e televisión de alta definición
- 002CA. Proxecto piloto DBV-H: televisión dixital en mobilidade
- 003CA. Proxecto DIESTE continuará ao longo do ano 2010 polo mesmo importe

## 2.4 Outros obxectivos operativos

Para pechar a formulación operativa de RETEGAL para 2010, recóllense baixo este epígrafe un conxunto de obxectivos operativos que non se corresponden con ningún dos obxectivos estratéxicos da entidade. Estes obxectivos operativos agregan actuacións transversais que, sen estaren directamente ligadas aos obxectivos estratéxicos, si aportan resultados facilitadores da consecución destes.

De feito, para que o desenvolvemento operativo debullado ao longo do presente capítulo sexa factible, RETEGAL deberá asumir un esforzo técnico e económico que levará aparellado o seu reforzamento como sociedade, introducindo modelos operativos de xestión de operación e mantemento axeitados ás necesidades do cliente institucional e á nova contorna de servizos de radiodifusión dixital. Ademais, este reforzamento abranguerá os medios técnicos, humanos e financeiros necesarios para facerlles fronte ás necesidades de servizo do xeito máis eficiente.

### XA. Fortalecemento institucional

| Concreción do obxectivo |
|---|
| Avaliacións das fórmulas xurídicas e financeiras máis axeitadas para o desenvolvemento da misión de RETEGAL |

Dotar a RETEGAL dos instrumentos empresariais, humanos, financeiros e orzamentarios necesarios para o mellor desenvolvemento da súa misión é un obxectivo irrenunciable cando se pretende que a entidade xogue un rol decisivo na execución das políticas de telecomunicacións da Xunta de Galicia, ao tempo que desenvolva a súa actividade nunha contorna de competencia xeral, e particularmente no eido dos servizos de radiodifusión dixital.

Especificamente, para o ano 2010 defínese como meta o establecemento das fórmulas xurídicas e financeiras que confiran a RETEGAL a capacidade e autonomía operativas para a execución do presente plan de investimentos.

Actividades previstas para 2010:

- 001DA. Avaliacións das fórmulas xurídicas e financeiras máis axeitadas para o desenvolvemento da misión de RETEGAL

## XB. Plan sectorial de infraestruturas

| Concreción do obxectivo |
| --- |
| Plan sectorial de infraestruturas de RETEGAL |

Complementariamente ao obxectivo operativo anterior, o presente ten por meta dotar a RETEGAL dos instrumentos técnicos necesarios para o mellor desenvolvemento da súa misión. De feito, o elevado potencial dos medios técnicos de RETEGAL supón un activo por explotar na súa totalidade. Efectivamente, os dereitos de uso da rede troncal de fibra e a capilaridade da rede de radioligazóns - tanto en transporte como en acceso - supoñen un moi importante activo para RETEGAL, activo que dista de estar ao límite do seu aproveitamento.

En consecuencia, perante o primeiro semestre do ano 2010, está prevista a elaboración e aprobación do Plan Sectorial de Infraestruturas de Telecomunicacións xestionadas por RETEGAL, que permita facer fronte ao devandito reforzamento dos medios técnicos da empresa.

Actividades previstas para 2010:

- 001DB. Plan sectorial de infraestruturas de RETEGAL

## XC. Conectividade á Xunta de Galicia

RETEGAL, como empresa pública da Xunta de Galicia, debe contribuír na prestación de todos aqueles servizos públicos demandados por ésta para a satisfacción do interese público.

Neste senso, a prestación de servizos de conectividade para a Xunta de Galicia, debe converterse nun obxectivo primordial.

# 3 Actuacións 2010

Defínense de seguido as actividades previstas por RETEGAL no marco do seu plan operativo para 2010.

## 001AA. Despregamento para nivel de cobertura 98%

Despregamento de rede de transporte e difusión da canle múltiple de ámbito autonómico para acadar o obxectivo de cobertura do 98% a 3 de abril de 2010.

A actividade concrétase na adquisición e implantación dos seguintes elementos, segundo o plan de despregamento de rede de RETEGAL:

- Equipamento de difusión
- Radioligazóns para a estrutura troncal
- Infraestrutura civil
- Equipamento de medida e supervisión.

No seu caso, análise de solucións técnica satelitais para acadar os obxectivos de cobertura.

## 001AB. Implantación de cabeceiras dixitais nas demarcacións

Adquisición e implantación dos elementos constituíntes das cabeceiras para a xestión da canle múltiple para as demarcacións de TDT locais previstas no plan de despregamento de rede de RETEGAL.

## 002AB. Despregamento de ligazóns troncais

Adquisición e implantación das ligazóns troncais para dar soporte á distribución do sinal de TDT para as demarcacións locais previstas no plan de despregamento de rede de RETEGAL.

## 003AB. Despregamento de rede de difusión

Adquisición e implantación do equipamento de difusión do sinal de TDT para as demarcacións locais previstas no plan de despregamento de rede de RETEGAL.

## 001AC. Despregamento de rede para a difusión do sinal de TDT de ámbito estatal

Esta actividade concretarase, ao longo de 2010, nas seguintes accións:

- Dacordo coas encomendas de xestión coa Xunta de Galicia para a execución do programa de investimentos para apoiar o despregue da Televisión Dixital Terrestre en Galicia conforme o Plan Nacional de Transición á TDT.

## 001BA. Análise da viabilidade técnico-económica do despregamento dunha de emerxencias en tecnoloxía TETRA

